



# O teu Concello infórmate



## Solicitud dun novo Obradoiro de Emprego

*Gabriel Torrente, Alcalde de Pontedeume,  
Jesús Veiga, Alcalde de Miño  
e César Longo, Alcalde de Paderne,  
na sinatura do Convenio*

O Alcalde ven de asinar, xunto cos alcaldes dos concellos de Miño e Pontedeume, un convenio de colaboración para a solicitude conxunta dun novo **Obradoiro de Emprego** ao abeiro da Orde de 30 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

As especialidades son a *“Atención sociosanitaria de persoas no domicilio”* e *“Atención sociosanitaria a persoas en institucións sociais”* capacitando ós alumnos que o integren para postos de traballo de auxiliar de axuda a domicilio ou de coidador de persoas con necesidades especiais, tanto físicas como psíquicas.

Posibilitará o que os seus integrantes se formen en habilidades para a mobilización de enfermos, nos cambios e hixiene postural que este tipo de persoas precisan, que aprendan nocións sobre as funcións e tarefas que debe realizar un auxiliar así como a forma de relacionarse con persoas que padecen algún tipo de enfermidade mental, sendo estes parte dos contidos que poden desenvolver.

O importe solicitado é de **257.477 euros** para a formación de trinta alumnos por un período de seis meses seguindo así coa decidida aposta polo emprego e formación das persoas do municipio.

Sería xa o quinto Obradoiro de Emprego no que as persoas de Paderne seleccionadas, poderían formarse e traballar simultaneamente no ámbito da atención sociosanitaria especializándose así nun campo moi necesitado para as demandas da sociedade actual.

Sabedores dos beneficios da cooperación entre municipios á hora de acadar este tipo de axudas e aproveitando as boas relacións existentes, os tres Alcaldes decidiron unir esforzos e achegar ós seus habitantes esta nova oportunidade que contribúa a mellorar a riqueza da zona.

## Roteiros Aula da Ría

O pasado día 16 de febreiro, o Alcalde acompañou ó grupo de nenos que participaron nas actividades organizadas en torno á Aula de Ría. Financiadas a través da Consellería do Medio Rural e do Mar, co cofinanciamento do Fondo Europeo de Pesca, dentro do Grupo de Acción Costeira GAC 2 – Golfo Ártabro do que o Alcalde é Vicepresidente e como parte do proxecto "Paderne e a Cultura Mariñeira", teñen como principal obxectivo o desenvolvemento dun programa educativo na Aula da Ría para dar a coñecer este importante recurso turístico difundindo o patrimonio marítimo e a cultura mariñeira.

Os participantes tiveron a oportunidade de coñecer as instalacións da Aula, comentar a Unidade Didáctica creada sobre o entorno e realizar distintos tipos de actividades pasando así unha agradable xornada coa que se quixo achegar un maior coñecemento sobre o noso entorno e as formas de vida e recursos.



*O grupo de nenos e nenas que participaron este día xunto co Alcalde e o monitor da Aula da Ría*



*O Alcalde e o Concelleiro de Cultura e Deportes entregando o premio a un dos grupos gañadores*

## Entroido en Paderne

As persoas que acudiron nesta edición ó Entroido celebrado o pasado día 18 en O Telleiro, puideron disfrutar da animación e o colorido co que as comparsas e disfraces encheron a carpa do Concello.

Como tódolos anos, non faltou a comida e a bebida; empanadas, doce, queixo, viño e queimada contribuíron a que os asistentes pasasen uns bos momentos participando da festa na que o Alcalde, xunto co Concelleiro de Cultura e Deportes, entregaron os premios ós tres mellores disfraces nas categorías de grupo e individual, así como un premio ó esforzo dos máis pequenos que cada ano acoden tamén a participar desta noite.

## Presentación do 2º Cuadrimestre da UNED-Senior

O pasado venres día 20 de febreiro tivo lugar a presentación do 2º cuadrimestre da UNED-Senior cun acto que se celebrou no pavillón polideportivo de A Castellana, no Concello de Aranga. No acto estaban presentes alumnos dos concellos de Paderne, Aranga, Guitiriz, Irixoa, Monfero e Xermade.

Ademais da presentación desta última parte do curso 2014-2015, fíxose entrega dos diplomas do anterior cuadrimestre. O Alcalde, que quixo acompañar ós alumnos de Paderne, fixo entrega dos diplomas xunto cos representantes dos demais concellos.

*O Alcalde, xunto cos representantes dos outros concellos e algúns dos alumnos no momento de apertura do acto*



## Subvencións da Deputación de A Coruña

Co fin de seguir ofrecendo ós veciños servizos e recursos ós que poder acceder e que sexan beneficiosos para o seu desenvolvemento, o Alcalde realiza as oportunas xestións ante os Organismos oficiais para o mantemento dos distintos programas municipais.

Así e a través da Convocatoria de programas de Apoio á Cultura, ó Deporte e á Promoción Económica da Deputación da A Coruña, veñen de obterse as seguintes axudas:

- CULTURA:**
- Animador cultural.- 7.210,55 €
  - Programa cultural municipal.- 3.200 €
  - Locales Escolas de Souto e Viñas.- 2.581,55 €
- DEPORTES:**
- Técnico deportivo.- 6.426,82 €
  - Programa deportivo municipal.- 3.457,35 €
  - Polideportiva de Paderne e Vigo.- 3.498,44 €
- PROMOCIÓN ECONÓMICA:**
- Mostra do Branco Lexítimo.- 3.786,53 €

- Amaño de ventás na Casa do Concello.- 10.991,91 €

Tamén se recibiron axudas para levar adiante proxectos e servizos dentro das seguintes áreas:

- Na área de medio ambiente:
- Día do Medio Ambiente.- 2.147 €
  - Depuradoras.- 10.494,63 €

Ven de asinarse o Convenio de Servizos Sociais coa Deputación de A Coruña por un importe de **39.111,54 €** para o desenvolvemento do mesmo.

Para o servizo especializado a menores fóra do horario escolar, vense de recibir unha achega de **5.446,65 €**.

## Servizo de Podoloxía

Este mes de marzo volve a poñerse en funcionamento o **servizo de Podoloxía** para os socios e socias do Centro de Maiores de Paderne.

Está a cubrir unha das grandes necesidades das persoas maiores que poden recibir unha atención especializada sen custe algún e para o que dispoñen tamén de transporte municipal a fin de que todos poidan beneficiarse do mesmo.

## Servizo de Balneoterapia

Tamén se continúa co **servizo mensual de Balneoterapia** no balneario de Guitiriz co fin de achegar-lles as persoas os beneficios dos tratamentos termais.

A primeira saída desta nova tempada está prevista para o vindeiro venres 27 de marzo.

Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne. A saída da Casa do Concello será ás 9:30 e o regreso ás 13:30 h.

Os interesados teñen ata o martes anterior para solicitar a súa participación.

## Vías provinciais

O Plan de Conservación de Vías Provinciais 2015, aprobado no pasado mes de xaneiro pola Deputación da Coruña, ven de destinar **221.534,93 €** ás seguintes estradas do Concello: • Estrada de **Ponte do Porco A Vilamateo** • Acceso a **San Pantaleón** • Acceso **Ponte do Pedrido-Embarcadoiro** • Estrada **Betanzos-Vilalba** • Estrada de **Campolongo-Betanzos** • E desbroce da estrada de **Costa a Loibo**.

Estas obras contemplan, ademais do desbroce da vía citada, o rebacheo, riego asfáltico e pintado de vías nos tramos que proceda co fin de aumentar a seguridade das mesmas.

## Equipamento para emerxencias

Segundo a Orde do 28 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2015 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias a concellos de menos de 50.000 habitantes, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, o Concello solicitou a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os seguintes vehículos:

- Vehículo todoterreo tipo pick up
- Vehículo furgón para transporte e loxística

Para uso municipal e así facer fronte ás necesidades diarias que se presentan no Concello.

## Subvención para a supresión de barreiras arquitectónicas

Segundo a Orde do 2 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o equipamento e mellora das instalacións municipais, o Concello ven de solicitar unha axuda de **14.718,57 €** para a realización do proxecto de **“Eliminación de barreiras arquitectónicas para o acceso a Aula da Ría”**. Estas subvencións son susceptibles de cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEADER), dentro do programa operativo Feader Galicia 2007-2013.

As obras proxectadas consisten na explanación e nivelación necesaria do terreo así como a oportuna pavimentación e os elementos de seguridade necesarios que permitan o desprazamento e acceso das persoas con mobilidade reducida a ditas instalacións co conseguinte beneficio para os veciños directamente afectados e, en xeral, para o termo municipal.

## Solicitude para a participación no Programa de Compostaxe

O Concello de Paderne, no empeño en acadar o obxectivo de concienciar á poboación no coidado e limpeza do medio ambiente, solicita a SOGAMA participar no programa de COMPOSTAXE DOMÉSTICA.

Esto supón: • Obter un compost de calidade • Reducir o lixo que se deposita no colector verde facilitando a tarefa de redución de residuos en orixe • Facilitar que os veciños dispoñan de un composteiro na súa propia casa evitando moitos desprazamentos ós contedores, sobre todo das persoas maiores • Formar á poboación sobre o uso destes composteiros.

Con esta medida, ademais de mellorar os custes que implica o tratamento dos residuos para o Concello, trátase tamén de seguir sensibilizando a un maior número de persoas e así, entre todos, mellorar o noso medio ambiente.

## Obras contratadas en fase de execución

Obras que se están a realizar nas seguintes parroquias:

**Parroquia de Adragonte:** Camiño do Piñeiro. Acceso núcleo dos Currás. Camiño estrada provincial-Igrexa-Loibo. Camiño Ventosa-antigo Campo da Festa. Acondicionamento antigo Campo da Festa. Camiño da Asnería. Camiño estrada provincial (Ferretería)-Costa de Lucas. Camiño estrada provincial-Ourovello.

**Parroquia de Velouzás:** Camiño estrada provincial-As Ánimas. Núcleo urbano de Condós. Acceso e núcleo urbano do Tercio. Camiño das Chedas. Camiño das Chedas-Chousa do Ferreiro. Camiño Vinteseite-Adro-Tercio. Camiño Campo da Escola-Tercio. Camiño Augalavada-Tercio. Camiño Gunduriz-Estrás-Núcleo Sas. Núcleo urbano Sas. Camiño Sas-Espiñeiro. Camiño da Picha. Camiño Cruce de Moire-Tercio.

**Parroquia de Viñas:** Reparación aldea de Insua. Camiño da Modia. Camiño Fonte de Insua. Camiño cruce de Insua a Pasaxe. Camiño de Tixoso. Camiño Porto de Arriba.

**Parroquia de Quintas:** Camiño de Loibo-Campo da Festa. Camiño de Loibo-Tarreo do Rei. Camiño Costa-Loibo.

**Parroquia de Vilamourel:** Camiño Sartaña-Medín-Porto dos Carros. Camiño Medín-aldea de Vigo. Camiño Teixeira-Chelo.

**Parroquia de Souto:** Camiño Borreiros-Corredoira Vella-Camiño Basureiro. Camiño do Ponto. Limpeza de cunetas camiño Chantada-Igrexa de Souto. Limpeza de cunetas camiño As Veleiras.

## Campo da festa de Obre

Vaise a proceder ó **aglomerado** deste campo a fin de que tódolos veciños, chegado o día, poidan disfrutar dun lugar en boas condicións no que poder celebrar a romaría das Flores e situar a carpa sen problemas de humidades.

## Campo da festa de Vilamourel

Estase procedendo ó **aglomerado do campo da festa** e á **mellora do acceso ó local social** facilitando o disfrute de tódolos veciños, tanto para a celebración das festas patronais, como para o uso que se realiza do local social posibilitando dito espazo como punto de encontro de toda a parroquia.

## Día da Muller

Celebrarémolo o vindeiro día **9 de marzo ás 20:30 h** cun acto nas dependencias do Centro de Maiores ó que están invitadas tódalas persoas do Concello. Realizarase un repaso ó papel da muller ó longo do tempo ata os nosos días e tamén intentaremos pasar uns momentos divertidos cunha pequena representación. Os que desexen asistir poden realizar a súa reserva ata o día 6 de marzo.

## VII Aniversario do Centro de Maiores

Será o mércores día **11 de marzo** para tódolos socios do Centro de Maiores. A xornada dará comezo ás 11:00 h coa recollida dos asistentes polas parroquias para dirixirse á cidade de A Coruña para realizar unha visita guiada ó **Museo Militar**; ó rematar esta, os que o desexen poden dar un paseo polos **Xardíns de San Carlos** e a **Cidade Vella**. A comida e o baile será nun restaurante dunha localidade cercana. O custe é de **25 €** e os socios que desexen asistir teñen ata o día 6 de marzo para inscribirse chamando ás oficinas municipais ou dirixíndose ós socios colaboradores en cada parroquia.

## Día do Medio Ambiente

Celebrarémolo o vindeiro día **21 de marzo** en O Telleiro, ás 10:00 h, os distintos colectivos xúntanse para comezar a xornada que ten previsto rematar ás 14:30 h.

Os colectivos implicados teñen como obxectivo do día a recollida dos vertedoiros incontrolados de lixo detectados en distintos puntos do Concello concienciando así á poboación do problema que supón para o medio ambiente. Conmemorando este día, vaise a realizar a plantación de algunhas especies de árbores no entorno de O Telleiro.

## Actividades Aula da Ría

Continuando coas actividades organizadas desde a Aula da Ría para os rapaces e rapazas empareados en Paderne nas que teñen opción de participar son: - Actividade de piragüismo; a desenvolver os días 14 e 15 de marzo de 10:00 a 14:00 h partindo da Ribeira de Chantada. - Actividade de vela; a desenvolver os días 28 de febreiro e 1, 7 e 8 de marzo de 10:00 a 14:00 partindo do muelle de Sada.

## Excursión a Cantabria

As persoas que realizaron a súa reserva de praza para acudir os días 30 e 31 de marzo e o 1 de abril á excursión organizada para visitar Santander, ó parque de Cabárceno, Comillas, ás Covas del Soplao e San Vicente de la Barquera, teñen ata o día **19 de marzo** para realizar o pago restante.

Importe total.- **180 €**. Reserva de praza.- 40 € (a descontar do total). Custe por habitación individual/noite.- 22 €